

PASCUA DE PADRÓN

Música, deporte e tradición na Pascua de Padrón

REDACCIÓN [PADRÓN]

Continúan as festas da Pascua de Padrón, que deron comezo na localidade o pasado día 23, con actividades para todos os públicos. Este sábado, día 20, ás 10.30 horas dará inicio na praza de Macías a XLIII Carreira de Pascua, e ás 18.00 horas inaugurarase a LI Feira Exposición de Maquinaria Agrícola e Industrial. Ese mesmo día, ás 21.00 horas, Abel Caballero, Alcalde de Vigo, realizará a lectura do pregón, acto que dará paso ás 22.00 horas ao primeiro pase da orquestra La Misión. Ás 23.30 horas actuará o grupo Unión y Forza.

O domingo, día 31, terá lugar a tradicional Feira Cabalar. Sobre as 11.30 horas sairá o pasacalles da Banda de Música Municipal de Padrón, e, ás 13.30 horas, ofrecerá un concerto. Ás 21.00 horas dará inicio a verbena da orquestra Miramar, ás 22.30 horas actuará o grupo Fillas de Cassandra. Despois, a música estará a cargo da orquestra

Capitol. As actividades continuarán o luns, día 1 de abril. Ás 12.00 horas comezará o pasacalles da Banda Música Municipal de Padrón. Ás 13.00 horas levará a cabo a recepción da Corporación Municipal do Concello de Santiago e ás 13.30 horas a Banda de Música de Santiago ofrecerá un concerto.

Pola tarde, ás 20.00 horas, actuará o dúo Master, seguido da orquestra América e, finalmente, tomará o testigo a París de Noia. O martes, a festa segue na vila dende as 12.30 horas, cando o grupo folclórico A Foliada do Montaña amenizará o pasacalles e acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas padronesas. Ás 14.00 horas haberá sesión vermú con Wavy Gravies. Pola tarde, ás 19.45 horas, a Banda Municipal de Rianxo ofrecerá un concerto. Ás 22.00 horas dará inicio a actuación da orquestra Os Satélites.

Do mércores 3 ao venres 5 celebrarase a partir das 17.00 horas o XI Torneo e Chave de Pascua. A



Un cabezudo nunha edición pasada da Pascua de Padrón. // ECG

animación segue o venres, día 5, ás 20.30 horas, coa actuación da orquestra Los Players, seguido da orquestra New York. Despois, o DJ Openair animará a festa. O sábado, día 6, ás 12.30 horas sairá o pasacalles do grupo folclórico Arreixeira cos xigantes e cabezudos. Ás 14.00 horas disputarase a LXI Clá-

sica de Pascua de ciclismo e comezará a sesión vermú co grupo Boogies.

Ás 18.30 horas o grupo folclórico Rosalía de Castro ofrecerá unha actuación e ás 19.30 horas será a quenda da actuación do grupo folclórico AC San Pedro de Carcaía. Ás 22.00 horas comezará o

concerto de Celtas Cortos, e, a partir da medianoite, haberá fogos de artificio no Paseo do Espolón. Seguirá a festa coa orquestra Olympus e DJ Openair. O domingo, día 7, celebrarase o XIV Festival de Bandas Capital do Sar. Pola noite, as orquestras Atenas e Marbella amenizarán a verbena.

Local climatizado

Pulpería Rial

www.pulperiarial.com

Plazuela Traviesas, 13 • T. 981 811 624
PADRÓN (A Coruña)

REVISIONES GRATUITAS

centro
DENTALvalga

Diseñamos tu sonrisa

- Odontología general • Ortodoncias • Implantes
- Blanqueamiento dental • Higiene bucal

Especialistas en:
PRÓTESIS DENTAL

PRELUPUESTOS SIN COMPROMISO

Avda. de La Coruña, 64 - 66 • portal 2 • 1º E • Valga (Pontevedra) • T. 986 559 181

Gelina
FRUTAS E VERDURAS

VISITA A NOSA TENDA DENDE O TEU WHATSAPP
616 668 954 [frutasgelina.com](https://www.frutasgelina.com)

TENDAS EN: BERTAMIRÁNS, PADRÓN E MILLADOIRO

Boutique del Trapo

TELAS AL PESO
Y METRO

MERCERÍA
Y PAQUETERÍA

Sto. Domingo, 10 • Padrón • T. 981 810 019

Bustelo.

SERVICIO DE AUTOCARES

T. 981 804 000 • F. 981 800 065
ROIS (A Coruña)
info@autocaresbustelo.es
www.autocaresbustelo.es

almacenes eladio

Deséxanlles
boas festas

DROGARIA • BRICOLAXE • LIMPEZA
PERFUMARIA • SEMENTES • DECORACION
HORTICULTURA • PAPELARIA • MENAXE

PADRÓN. Rúa de Castelao, 25-29 • Tel.: 981 810 959. WhatsApp: 676 436 105
PADRÓN. Comercial agrícola. Rúa de Castelao, 25. Tel.: 981 810 959
CALDAS DE REIS. Rúa Real, 75. Tel. 886 215 398. WhatsApp: 673 537 950
E-mail: info@eladio.gal • Facebook: [almacenes eladio](https://www.facebook.com/almaceneseladio) www.eladio.gal

PASCUA DE PADRÓN

Estampas do imaxinario padronés

Alfonso Blanco e Masito Beiró son os autores do cartel das festas e dun décimo da ONCE conmemorativo da Pascua



REDACCIÓN [PADRÓN]

A imaxe gráfica e visual da Pascua 2024 de Padrón está chea de homenaxes á idiosincrasia padronesa e ás súas grandes figuras. Estes tributos empezan dende o propio cartel da festividade, que este ano elabora o artista Alfonso Blanco e que agocha diversos símbolos da historia e da identidade da vila. “Quería facer unha homenaxe, en primeiro lugar, ás miñas Pascuas, e a todos os elementos que había nelas. Fíxome moita ilusión, porque, tras anos facendo carteis de imprenta, este ano volveuse aos



Arriba, Alfonso Blanco (centro) co cartel conmemorativo. Abaixo, Masito Beiró (dereita) co cupón da ONCE. // ECG

pinceis”, conta o autor, que desvela os segredos da obra: en primeiro lugar, o tributo a Casanovas, que aparece retratado como un viandante máis na festa padronesa. Despois, os cabaliños de Evilasio, outro dos elementos singulares da Pascua da vila, na que non faltan, tampouco, os xigantes e cabezudos. Todo ten un porque. “Os cabaliños de Evilasio teñen máis de cen

anos de historia. Este ano fai un mes que morreu o que os levaba, co que tamén tiña sentido incluílo. Os xigantes e cabezudos son un recordo ao meu amigo Tanis, que morreu hai dos anos”, destaca o artista. A última das homenaxes que agocha a peza é menos evidente, pero salta á vista para calquera veciño veterán da vila: as cores e a composición lembran as pezas de Masito Beiró, grande ilustrador da festa padronesa.

Este ano, como non podía ser de outro xeito, o propio Beiró ten un papel na dinamización da grande festividade da localidade. Unha das súas ilustracións decora un cupón conmemorativo co que a ONCE celebra a Pascua de Padrón. “Foi unha sorpresa moi grande. Son unhas festas cunha tradición moi importante, foron das primeiras que houbo en Galicia, no ano 50 e pico. Cheguei a facer 27 carteis”, conta Masito Beiró. A imaxe escollida para o décimo foi a que ilustrou o libro da Pascua de 2003. Os xigantes e os cabezudos, a irmandade coa Virxe de Guadalupe de Rianxo, as gaitas galegas, a colexiata de Iria Flavia ou a barca do Apóstolo son elementos que conflúen na ilustración. “Como padronés e como debuxante, sempre é unha honra participar da Pascua”, comenta Beiró.

M.º JESÚS GARCÍA CLÍNICA DENTAL Miembro de la Sociedad Española de Ortodoncia
 T. 981 811 832 • C/ Rosalía de Castro, 20 • PADRÓN (A Coruña)
 Odontología general ■ Estética dental
 Prótesis ■ Cirugía e implantes
 Ortodoncia ■ Radiología digital

patronus ASESORÍA
Alfonso Fernández Pérez Economista
 Rúa Enlace Parque, 2 Bajo Izq - Padrón (A Coruña) asesoria@patronus.es
 T. 881 957 392 • M. 665 807 253

TEODORO
 PAJARERÍA AVES ORNAMENTALES PECES TROPICALES ACCESORIOS Y ALIMENTACIÓN ARTÍCULOS EQUITACIÓN PIENSOS Y CEREALES
 PAJARERÍA: Ctra. Estación PADRÓN
 T. 981 811 658 F. 981 910 058 M. 659 581 565
 info@pajareriateodoro.com www.pajareriateodoro.com

CENTRO AUDITIVO BALTAR
 Felices Pascuas
 FINANCIACIÓN A 1 AÑO SIN INTERESES, FINANCIABLE HASTA 36 MESES
 Prueba de audífonos gratis durante 7 mes. Protectores auditivos a medida para fabricas o agua. Adaptamos si fuese necesario audífonos de otros gabinetes.
 Plaza Baltar s/n • Padrón • T. 981 81 20 17 www.centroauditivobaltar.com

AGENCIA MORLA
 SEGUROS · LABORAL · FISCAL
CARLOS SILVA MORLA
 C/. Enlace Parque, 6 Bajo - 15900 PADRON
 Tfños. y Fax 981 810 051- 981 810 745
 morla@agenciamorla.es

apementeira
 Herbón- Padrón
 Pol. Ind. de Picusa, Vial F. Nave 2 A, O Couto - Padrón
 T. 981 811 318 www.apementeira.com

PASCUA De Padrón
 Homenaxe a Ramón Casanovas
DO 23 MARZO AO 7 ABRIL 2024
 Concello de Padrón | Pascua de Padrón | PADRÓN | //ABANCA | XUNTA DE GALICIA

PASCUA DE PADRÓN

CHUS CAMPOS

» CONCELLEIRA DE FESTEXOS DE PADRÓN

“Este ano quixemos estender a festa a todo o casco”

A concelleira de Festexos de Padrón pon en valor as festas da vila:
“Son moi importantes para a economía do pobo”

REDACCIÓN [PADRÓN]

O concerto de Fillas de Cassandra, un dos grupos do momento, é un dos pratos fortes da programación. Que máis destacaría do programa de Pascua?

O concerto de Fillas de Cassandra é importante para darlle visibilidade á muller, en galego e con esa mensaxe feminista. Hai que salientar que quixemos estender a festa a todo o casco, levando tamén á zona de detrás do campo de fútbol, que había tempo que non se facía alí ningún tipo de actuación musical. Este ano haberá tres. Imos facer se-



Chus Campos, concelleira de Festexos de Padrón. // ECG

sións vermú en prazas que normalmente non tiñan e que, este ano, terán sesións vermú con música. Hai que destacar tamén a iluminación con elementos personalizados, da Pascua e do pobo. Tamén decoramos de forma primaveral todo o centro e o que é a carretera, con flores. A xente está pedindo que quede un mes máis. As orquestras que veñen son as orquestras máis reseñables de Galicia, e estará tamén La Misión, que veñen de Madrid.

Como impactan estas festas na economía de Padrón?

Son moi importantes para a economía do pobo. Os restaurantes, a

hostalería, teñen que cuadruplicar o seu personal ou incluso máis. É un reforzo para o resto do ano.

Este ano, homenaxeamos no cartel oficial da Pascua a Casanovas. Que pode contar desta figura?

Casanovas foi mestre aquí en Padrón moitos anos, impulsou o libro da Pascua e moitas asociacións deportivas, nas que estivo na directiva. É unha persoa moi coñecida e moi querida en Padrón.

As novidades do cartel conxúganse coas apostas polo tradicional, como a Feira Cabalar e a Exposición de Maquinaria agrícola, que renova edición.

Este ano, a Feira Cabalar a organiza a Asociación do Cabalo Galego, dirixida por Xacobo Pérez. Hai concursos morfolóxicos, dependendo das razas, incluso vai haber ponis, que aos nenos lles gustan. Os concursos teñen premios económicos bastante interesantes, e, ademais, haberá un espectáculo de doma pola tarde, con varias razas. Haberá gradas para que a xente poida ver as actividades con comodidade e seguridade. A Exposición de Maquinaria Agrícola chega á 51 edición, co que tivo que haber un avance tecnolóxico importante. Farase detrás do campo de fútbol, e disporá de maquinaria agrícola e industrial.

RECAMBIOS CARBAJAL, S.A.I.

RECAMBIOS Y ACCESORIOS
LUBRICANTES • ELECTRODOS
CORREAS • HERRAMIENTAS
RODAMIENTOS • HIDRÁULICA

recambioscarbajal@hotmail.com

Avda. Compostela, 45 - bajo • PADRÓN (A Coruña) T. 981 810 305 • F. 981 810 851 • M.616 475 181

O FORNO DE VELO

Rúa Longa, 24 • Padrón 981 811 345

CLÍNICA Dr. Jorge Ortega

Avda. de Vigo, nº 12, 1º E
36640 PONTECESURES (Pontevedra)
T. 986 556 162 • F. 986 564 435
orcstsl@yahoo.es

CABO NAYA ASESORES

FISCAL, LABORAL, CONTABLE,
SUCESIONES, SEGUROS

Telf.: 981 803 060 • Fax: 981 803 2 12
Sixto - Ribasar - ROIS (A Coruña)

www.rioscanteria.es

RIOS
CANTERÍA y CONSTRUCCION

• Construcciones - reformas • Especialidad en piedra y restauraciones

Esclavitud - Padrón T. 610 804 522 - 696 820 002
info@rioscanteria.es 687 074 585

Administración de Lotería número 2

LOTERÍAS PADRÓN, S. L.

Plaza del Castro, 6 - PADRÓN (A Coruña) • Tel. 981 810 561

osecreto

RESTAURANTE Y TIENDA VINOTECA/TAPERÍA

Avda. de la Estación, 9 bajo • Padrón Rúa Real, 25 - Padrón
Telf. 670 59 99 61 • info@osecreto.com www.osecreto.com

CAFETERÍA CENTRO SOCIAL

Felices Fiestas

castaño bascoy

al servicio de la construcción desde 1995

Esclavitud • Padrón • Tel. 981 609 818

www.bascoy.com info@bascoy.com

PASCUA DE PADRÓN

O Concello reparte 3.370 euros en premios na Feira Cabalar

REDACCIÓN [PADRÓN]]

O Concello de Padrón repartirá 3.370 euros en premios entre os exemplares que este domingo, 31 de marzo, participen na Feira Cabalar de Pascua, que este ano estará organizada pola Asociación Pura Raza Cabalo Galego. A feira celebrarse no Campo da Barca, de 10.00 a 17.00 horas, motivo polo que se pecharán ao tráfico un tramo das estradas AC-307 e da AC-299 para garantir a seguridade de público e participantes.

A Feira Cabalar, presente xa no inicio das Festas de Pascua hai máis de tres séculos, tamén volverá ao Campo da Barca o domingo 31 de marzo, coa presenza de gandeiros e criadores de toda Galicia e a celebración dos tradicionais concursos morfolóxicos, que nesta edición estarán organizados

pola Asociación Pura Raza Cabalo Galego. Este ano o Concello destinará 3.370 euros a premios dos diferentes concursos morfolóxicos, para os que xa están preinscritos 70 animais en todas as seccións. Despois da correspondente retirada de dorsais (9.30 horas), os concursos comezarán ás 10.00 horas coa segunda proba puntuable para a XXIII Copa Galicia Pura Raza Galega de cabalos e eguas maiores de tres anos.

Continuará cos de cabalos e eguas cruzadas adultos e, a media mañá, haberá unha proba infantil de ponis. A competición rematará cos animais de pura raza árabe, unha para animais menores de tres anos e outra para adultos, tanto de machos como femias. Antes da entrega de premios verase un avance do espectáculo ecuestre que se celebrará pola tarde.



Un dos concursos de edicións anteriores da Feira Cabalar. // ECG

Na sesión vespertina, tamén no Campo da Barca, as 17.00 horas comezará unha exhibición de doma de alta escola a cargo da compañía La Magia del Caballo, de León, e na que se incluírá unha sección de doma de alta escola de Galicia 'Dragóns de Santiago', da Asociación Pura Raza Ca-

ballo Galego. Por mor da celebración da Feira Cabalar de Pascua, e para garantir a seguridade dos participantes e público asistentes, o Concello de Padrón vai pechar ao tráfico dúas estradas que pasan preto do Campo da Barca entre as 10.00 e as 17.00 horas. Os tramos que estarán pechados son

os da AC-307 (estrada que vai a Dodro e Ribeira), dende o CEIP Flavia ata a ponte de Santiago, e o tramo da AC-299 (que vai a Rois e Noia pola Trabanca) dende a ponte de Santiago ata Casa Pérez, en Extramundi. O tráfico rodado desviarase polas rúas e estradas adxacentes.



MONTAJE AUTOCIMBRA



PLATAFORMA TELESCÓPICA SOBRE ORUGAS



BAJADA DE PALAS EN PARQUE EÓLICO

GRUAS ESTACION



OFICINAS

ESCLAVITUD:

Tel. 981 803 560 • Fax 981 803 558

SANTIAGO (Pol. Tambre):

Tel. 981 509 806

PONTEVEDRA:

Tel. 649 901 400

www.gruasestacion.com

